



Deputación  
Pontevedra

# BOLETÍN OFICIAL

## PROVINCIA DE PONTEVEDRA

LUNS 17 DE OUTUBRO DE 2011

Número 199

Pág. 1

### SUMARIO

#### ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO

MINISTERIO DEL INTERIOR

*Dirección General de la Policía  
y de la Guardia Civil*

Brigada Provincial de Extranjería  
y Fronteras (G.O.E.) ..... 2

#### XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas .... 2  
Xefatura Territorial de Pontevedra ..... 7

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Augas de Galicia*  
Demarcación Galicia Sur-Vigo ..... 28

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Xefatura Territorial ..... 29

#### ADMINISTRACIÓN LOCAL

##### Provincial

Deputación Provincial ..... 29

##### Municipal

Pontevedra ..... 30  
Vigo ..... 50  
Barro ..... 52  
Bueu ..... 55  
Cambados ..... 56  
Covelo ..... 56  
Lalín ..... 57

*ORAL (expedientes sancionadores de Tráfico  
de diversos concellos) ..... 58*

#### ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

##### Juzgados de lo Social

De Pontevedra ..... 66  
De Vigo ..... 76

# ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO

MINISTERIO DEL INTERIOR

## DIRECCIÓN GENERAL DE LA POLICÍA Y DE LA GUARDIA CIVIL

CUERPO NACIONAL DE POLICÍA – COMISARÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA  
BRIGADA PROVINCIAL DE EXTRANJERÍA Y FRONTERAS (GOE)

### EDICTO

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de Noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (B.O.E. 285, de 27 de noviembre de 1992), se hace pública notificación de Incoación de expediente sancionador de multa N° 36/4201325/11 del ciudadano Souiybou SANO, con N.I.E X-2655825-S instruido por la Comisaría de Policía de Pontevedra, ya que habiéndose intentado la notificación en el último domicilio conocido, ésta no se ha podido practicar.

El expediente obra en la BRIGADA PROVINCIAL OPERATIVA DE EXTRANJERÍA Y DOCUMENTACIÓN DE LA COMISARÍA DE POLICÍA DE PONTEVEDRA, ante la cual le asiste el derecho de alegar por escrito lo que en su defensa estime conveniente, con aportación o proposición de las pruebas que considere oportunas, dentro del plazo de 10 DÍAS, contadas desde el día siguiente al de la publicación del presente en el Boletín Oficial de la Provincia.

Se le advierte que, de no efectuar alegaciones sobre el contenido de la iniciación del procedimiento en el plazo previsto, la iniciación será considerada propuesta de resolución y se dictará la oportuna resolución.

Pontevedra, 4 de octubre de 2011.—El Jefe de la Brigada de Extranjería y Fronteras, Ramón Díaz Rodríguez. **2011009869**

XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS

*Resolución do 9 de setembro de 2011, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da ampliación das instalacións electromecánicas do aproveitamento hidroeléctrico no río Tea, promovida por Enerxía de Galicia, SA, no concello de Covelo (Pontevedra).*

### ANTECEDENTES DE FEITO

*Primeiro.*—O 19 de xaneiro de 1987 a Confederación Hidrográfica do Norte outorgou a Enerxía de Galicia, SA (ENGASA) a concesión de 3.220 l/s de auga do río Tea, no termo municipal de Covelo (Pontevedra), con destino á produción de enerxía eléctrica.

*Segundo.*—O 23 de abril de 1989 a Dirección General de la Energía do Ministerio de Industria, Comercio y Turismo incluíu no réxime establecido polo Real decreto 1217/1981, do 10 de abril, sobre fomento á produción hidroeléctrica, a central hidroeléctrica mencionada.

*Terceiro.*—O 28 de xullo de 1989 a Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Industria, Comercio e Turismo autorizou administrativamente e aprobou o proxecto de execución da central hidroeléctrica no río Tea, en Pereiras-Castelanes, concello de Covelo, coas seguintes características básicas:

“— Turbina Francis, de eixe horizontal para un caudal máximo de 2,15 m<sup>3</sup>/s e un mínimo de 0,86 m<sup>3</sup>/s, 750 r.p.m.

- Un xerador asíncrono de 1.650 kVA
- Unha turbina Francis de eixe horizontal para un caudal máximo de 1,07 m<sup>3</sup>/s e un mínimo de 0,43 m<sup>3</sup>/s, 1.000 r.p.m.
- Un xerador asíncrono de 850 kVA.”

*Cuarto.*—O 3 de agosto de 1992 o Organismo de conca outorgou unha ampliación de ata 4.000 l/s da devandita concesión.

*Quinto.*—O 23 de abril de 1996 a Dirección Xeral de Industria da Consellería de Industria e Comercio inscribiu o aproveitamento hidroeléctrico de referencia no Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta inscrición modificouse o 28 de outubro de 1999 e o 29 de xuño de 2007.

*Sexto.*—O 27 de decembro de 2000 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra a información pública conxunta, aos efectos do artigo 6 do Real decreto 916/1985, do 25 de maio, da petición de concesión e autorización do aproveitamento hidroeléctrico de referencia, coas seguintes características principais das instalacións electromecánicas:

“un (1) novo grupo constituido por unha (1) turbina Francis de eixe horizontal para un caudal de 2.000 l/s., 80 m. de salto neto e potencia 1.309,76 kW., á que se acopla un (1) xerador síncrono trifásico de 1.500 kVA, 6.000 V. 50 Hz e 1.000 r.p.m.”

A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria non ten constancia de que se producirá ningunha alegación durante o período de información pública.

*Sétimo.*—O 29 abril de 2011 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil resolveu modificar as características, ampliando o caudal ata un máximo instantáneo de 6.000 l/s, da concesión do aproveitamento hidroeléctrico no río Tea, no termo municipal de Covelo (Pontevedra).

*Oitavo.*—O 6 de maio de 2011 ENGASA solicitou a autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da ampliación da devandita central.

*Noveno.*—O 22 de xullo e o 10 de agosto de 2011 a sociedade titular achegou documentación necesaria para o fin pretendido.

*Décimo.*—A Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra informou favorablemente a autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación de referencia.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*Primeiro.*—O artigo 28 do Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG do 17 de xuño), atribúe á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da consellería en materia de enerxía, modificado polo Decreto 8/2011, do 23 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG do 3 de febreiro).

*Segundo.*—O artigo 28 da Lei 54/1997, establece que a construción, explotación, modificación substancial, a transmisión e o peche de instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime especial estará sometida ao réxime de autorización administrativa previa, que terá carácter regrado, correspondéndolle o seu outorgamento á Administración Autonómica.

*Terceiro.*—Na tramitación deste procedemento tiveronse en conta as normas de procedemento contidas no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normas vixentes de aplicación.

De acordo co exposto

**R E S O L V O**

*Primeiro.*—Autorizar administrativamente as instalacións electromecánicas da ampliación do aproveitamento hidroeléctrico no río Tea, situadas no concello de Covelo (Pontevedra) promovido pola mercantil ENGASA.

*Segundo.*—Aprobar o proxecto de execución da ampliación do devandito aproveitamento hidroeléctrico de acordo co proxecto titulado “Instalaciones electromecánicas de la ampliación del aprovechamiento hidroeléctrico río Tea” asinado polo enxeñeiro técnico industrial Roberto Gómez Rodríguez, en outubro de 2005.

A presente autorización e aprobación de proxecto de execución axustarase ao cumprimento das seguintes condicións:

*Primeira.*—As instalacións da ampliación que se autorizan e aproban terán que realizarse de acordo coas especificacións, planos e orzamentos que figuran no proxecto que se aproba nesta resolución e referido no punto segundo da parte dispositiva desta.

*Segunda.*—A Administración resérvase o dereito de deixar sen efecto a presente autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias ou por incumprimento das condicións impostas.

*Terceira.*—Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das instalacións autorizadas.

*Cuarta.*—O prazo para a posta en servizo das instalacións da ampliación que se autoriza será de vinte e dous meses contados a partir da data de publicación da presente resolución.

*Quinta.*—Unha vez construídas as instalacións autorizadas e con carácter previo á súa posta en servizo, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra inspeccionará a totalidade das obras e montaxes efectuadas e verificará o cumprimento dos compromisos contraídos por ENGASA e dos condicionados impostos nesta resolución.

*Sexta.*—O petitionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

*Sétima.*—En todo momento deberá cumprirse canto establece o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en centrais eléctricas, subestacións e centros de transformación e as súas instrucións técnicas complementarias consonte o Real decreto 3275/1982, do 12 de novembro, e ordes posteriores, así como o Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09 e o resto da normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

*Oitava.*—Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a autorización previa desta Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Pola súa banda, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicarlle a este centro directivo todas as resolucións que dite en aplicación da devandita facultade.

*Novena.*—Como requisito necesario para a aplicación á devandita ampliación do réxime especial de produción de enerxía eléctrica establecido polo Real decreto 661/2007, de 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, o titular e/ou explotador deberá solicitar a modificación da inscrición definitiva no Rexistro de Instalacións de Producción de enerxía Eléctrica en Réxime Especial da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola Orde da Consellería de Industria e Comercio do 5 de xullo de 1995 (DOG do 14/07/1995), para o cal acreditará o cumprimento das condicións previstas nos artigos 6, 7, 11 e 12 do devandito Real decreto e achegará a documentación que figure nas instrucións que dite esta dirección xeral en desenvolvemento da citada orde.

Contra a presente resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade cos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2011.—O director xeral de Industria, enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces. **2011009210**

*Resolución da Dirección Xeral de Industria, enerxía e Minas, pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da modificación substancial da planta de coxeración situada no concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra), titularidade de Cerámicas del Miño, Carmen Ubeira y Cía., SL.*

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

*Primeiro.*—O 11 de novembro de 1994 a Dirección Xeral de Industria autorizou a instalación dunha planta de coxeración de enerxía eléctrica á empresa Cerámicas del Miño, Carmen Ubeira y Cía., SL no concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra), e concedeulle á devandita mercantil a condición de autoxerador eléctrico.

*Segundo.*—O 11 de xaneiro de 1995 a Dirección Xeral de Industria aprobou o proxecto de execución da planta de coxeración de enerxía eléctrica mencionada.

*Terceiro.*—O 23 de abril de 1996 a Dirección Xeral de Industria inscribiu no Rexistro de Instalacións de Produción de enerxía Eléctrica en Réxime Especial da Comunidade Autónoma de Galicia a instalación de coxeración de referencia, outorgándolle o número RE-96-14.

*Cuarto.*—O 8 de febreiro de 2011 Cerámicas del Miño, Carmen Ubeira y Cía., SL solicitou autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución para unha modificación substancial da planta de coxeración da súa titularidade situada no concello de Salvaterra de Miño.

*Quinto.*—Por acordo do 2 de marzo de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria someteuse a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Salvaterra (Expediente IN407A 11/44-4), publicándose no BOP de Pontevedra nº 54 do 18/03/2011 e no DOG nº 59 do 24/03/2011, coas seguintes características básicas:

*“Solicitante:* Cerámicas del Miño Carmen Ubeira y Cía., SL.

*Enderezo social:* Oleiros, s/n. 36457 Salvaterra de Miño.

*Denominación:* Modificación substancial de planta de coxeración eléctrica.

*Situación:* Salvaterra de Miño.

*Descricións técnicas:* Modificación substancial de planta de coxeración eléctrica consistente na instalación de dous grupos electrógenos, con motor diesel Caterpillar modelo 3412 e xerador Caterpillar modelo SR4B, cunha potencia de 500 kW (625 kVA) cada un e un transformador redutor de tensión de 1600 kVA, r.t. 20 kV/400-230V. A instalación está situada en Oleiros, Salvaterra de Miño.”

Esta dirección xeral non ten constancia de que se presentase ningunha alegación.

*Terceiro.*—O 1 de xuño de 2011 a Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra emitiu informe favorable á solicitude achegada.

*Cuarto.*—O 1, o 4 e o 12 de agosto de 2011 a mercantil peticionaria achegou documentación necesaria para o fin pretendido.



*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*Primeiro.*—O artigo 28 da Lei 54/1997, do Sector Eléctrico, establece que a construción, explotación, modificación substancial, a transmisión e o peche de instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime especial estará sometida ao réxime de autorización administrativa previa, que terá carácter regrado, correspondéndolle o seu outorgamento á Administración Autonómica.

*Segundo.*—A Dirección Xeral de Industria, enerxía e Minas é competente para resolver este expediente con fundamento no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no artigo 28 do Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG do 17 de xuño), que atribúe á Dirección Xeral de Industria, enerxía e Minas a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da consellería en materia de enerxía, modificado polo Decreto 8/2011, do 23 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG do 3 de febreiro).

*Terceiro.*—Na tramitación tiveronse en conta as normas de procedemento contidas no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normas vixentes de aplicación.

De acordo co que antecede

**R E S O L V O**

*Primeiro.*—Autorizar administrativamente a modificación substancial da planta de coxeración titularidade de Cerámicas del Miño, Carmen Ubeira y Cía., SL, situada en Oleiros, concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra).

*Segundo.*—Aprobar o proxecto de execución da devandita modificación substancial “Modificación substancia de planta de cogeneración en Cerámicas del Miño para planta de cogeneración diesel de 1MW”, asinado o 31/01/2011 polo enxeñeiro técnico industrial do CITI-Santiago José Miguel Estévez Rodríguez, colexiado nº 1493; e “Reforma de CT existente de 1000 kVA para adaptación a sistema todo- todo”, asinado polo devandito enxeñeiro o 29/12/2010.

Todo isto de acordo coas seguintes *condicións*:

*Primeira.*—As instalacións que se autorizan nesta modificación substancial terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran nos proxectos referidos no punto segundo da parte dispositiva desta resolución.

*Segunda.*—Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a autorización previa desta Dirección Xeral. Pola súa banda, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicarlle a este centro directivo todas as resolucións que dite en aplicación da devandita facultade.

*Terceira.*—O prazo para a posta en servizo das instalacións que se autorizan será de nove meses contados a partir da data de publicación desta resolución.

*Cuarta.*—Unha vez construídas as instalacións autorizadas, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra inspeccionará a totalidade das obras e montaxes efectuadas e verificará o cumprimento dos compromisos contraídos por Cerámicas del Miño Carmen Ubeira y Cía., SL.

*Quinta.*—Con carácter previo á posta en servizo das instalacións, o órgano competente verificará o cumprimento dos condicionados impostos nesta resolución.

*Sexta.*—A Administración resérvase o dereito de deixar sen efecto a presente autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias, ou por incumprimento das condicións impostas.

*Sétima.*—Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

*Oitava.*—Como requisito necesario para a aplicación do réxime especial á devandita modificación substancial da instalación, o titular e/ou explotador deberá modificar a súa inscrición definitiva no Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola Orde da Consellería de Industria e Comercio de 5 de xullo de 1995 (DOG do 14 de xullo), para o cal acreditará o cumprimento das condicións previstas nos artigos 11 e 12 do Real Decreto 661/2007, do 25 de maio, e presentará a documentación que figure nas instrucións que dite esta dirección xeral en desenvolvemento da citada Orde.

Contra esta resolución que non é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade eos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2011.—O director xeral de Industria, enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces.

**2011008452**

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Acordo do 6 de maio de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, polo que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de REDONDELA. (Nº EXPTE: IN407A 2011/114-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: INÉS DARRIBA FIGUEROA.
- Enderezo Social: RÚA COCHÓN, Nº 39 - ARCADE, 36690 SOUTOMAIOR.
- Denominación: LMTA-LMTS AO CT DA DEPURADORA DE MARISCOS EN SOUTOXUSTE.
- Situación: REDONDELA.
- Descricións Técnicas: LMT AÉREA A 15 KV DE 18 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO APOIO EXISTENTE Nº 67 DA LMT RED709 PORTELA 9 DE UNIÓN FENOSA D. SA. E FINAL NO APOIO PROXECTADO HV-630/13 (PAS) DO CAL CONTINÚA SUBTERRÁNEA 487 METROS CON CONDUCTOR RHZ1 FINALIZANDO NO CT DA DEPURADORA DE MARISCOS SITUADA EN SOUTOXUSTE, O VISO, REDONDELA.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 6 de maio de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2011009631**

*Resolución do 20 de setembro de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de SALVATERRA DE MIÑO. (Nº EXPTE: IN407A 2011/270-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: ELECTRA ALTO MIÑO SA.
- Enderezo Social: POLÍGONO IND. CHAN DA PONTE-PARCELA 19, 36450 SALVATERRA DE MIÑO.
- Denominación: LMTS DE CT EDF. CERVANTES AO CT ALTO DA FONTE.
- Situación: SALVATERRA DE MIÑO.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR RHZ1 DE 147 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN EDIFICIO CERVANTES E FINAL NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN ALTO DA FONTE.- A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA NAS RÚAS GALICIA E RAÍÑA DONA URRACA, SALVATERRA DE MIÑO.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 20 de setembro de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2011009663**

*Resolución do 20 de setembro de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de SALVATERRA DE MIÑO. (Nº EXPTE: IN407A 2011/271-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: ELECTRA ALTO MIÑO SA.
- Enderezo Social: POLÍGONO IND. CHAN DA PONTE-PARCELA 19, 36450 SALVATERRA DE MIÑO.
- Denominación: LMTS DE CT EDF. A FONTE AO CT ALTO DA FONTE.
- Situación: SALVATERRA DE MIÑO.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR RHZ1 DE 245 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN EDIFICIO A FONTE E FINAL NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN ALTO DA FONTE.- A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA NAS RÚAS FONTE DA VILA E RAÍÑA DONA URRACA, SALVATERRA DE MIÑO.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 20 de setembro de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2011009664**



*Resolución do 29 de agosto de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de RODEIRO. (Nº EXPTE: IN407A 2011/246-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: GANDEIRÍA JUIZ CIDRE S.C..
- Enderezo Social: VILAMEÁ - NEGRELOS, 36538 RODEIRO.
- Denominación: LMTA DE ACOMETIDA AO CT DUNHA GRANXA EN LAMA DE MENA.
- Situación: RODEIRO.
- Descricións Técnicas: LMT AÉREA A 20 KV CON CONDUCTOR LA-56 DE 30 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NUN APOIO EXISTENTE DA LMT LAL811 (RODEIRO-COG. COGAL) DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN E FINAL NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN SITUADO NUNHA GRANXA EN LAMA DE MENA (NEGRELOS-S. CIBRAO), CONCELLO DE RODEIRO.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 29 de agosto de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2011009424**

*Resolución do 14 de setembro de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de CATOIRA. (Nº EXPTE: IN407A 2011/224-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE CATOIRA SA.
- Enderezo Social: GONDAR 5 DIMO, 36000 CATOIRA.
- Denominación: AMPLIACIÓN DE POTENCIA CT BAIUCA II.
- Situación: CATOIRA.
- Descricións Técnicas: AMPLIACIÓN DE POTENCIA DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN (BAIUCA II), SITUADO EN BAIUCA, CATOIRA, A 160 KVA, R.T. 20 KV/400-230 V.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 14 de setembro de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2011009342**

*Resolución do 5 de setembro de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de CATOIRA. (Nº EXPTE: IN407A 2011/222-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución,

comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE CATOIRA SA.
- Enderezo Social: GONDAR 5 DIMO, 36612 CATOIRA.
- Denominación: ADECUACIÓN LMTA AO CT PORTOCANLES.
- Situación: CATOIRA.
- Descricións Técnicas: LMT AÉREA A 20 KV CON CONDUCTOR LA-56 DE 702 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO APOIO Nº 5 DA LMT AÉREA PRINCIPAL E FINAL NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN EXISTENTE PORTOCANLES. A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA ENTRE OS LUGARES DE AS VEIGAS E PORTOCANLES, PARROQUIA DE DIMO, CATOIRA.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 5 de setembro de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2011009341**

---

*Resolución do 6 de setembro de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de SALVATERRA DE MIÑO. (Nº EXPTE: IN407A 2011/264-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: ELECTRA ALTO MIÑO SA.
- Enderezo Social: POLÍGONO IND. CHAN DA PONTE-PARCELA 19, 36450 SALVATERRA DE MIÑO.
- Denominación: LMTS DO CT EDF VIGOLAR AO CT MANUEL VÁZQUEZ.
- Situación: SALVATERRA DE MIÑO.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR RHZ1 DE 270 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN EDF VIGOLAR E FINAL NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN MANUEL VÁZQUEZ. A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA EN SALVATERRA DE MIÑO.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 6 de setembro de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2011009249**

---

*Resolución do 6 de setembro de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de SALVATERRA DE MIÑO. (Nº EXPTE: IN407A 2011/263-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: ELECTRA ALTO MIÑO SA.
- Enderezo Social: POLÍGONO IND. CHAN DA PONTE-PARCELA 19, 36450 SALVATERRA DE MIÑO.
- Denominación: LMTS, CT, RBT FORNELOS CIMA DE VILA 2.
- Situación: SALVATERRA DE MIÑO.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR RHZ1 DE 415 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO APOIO 4 DA LMT XERAL FORNELOS-ENXEMBRE E FINAL NO CT PROXECTADO CIMA DE VILA 2.-CENTRO DE TRANSFORMACIÓN INTEMPERIE DE 100 KVA, R.T. 20 KV/230-420 V, SITUADO EN CIMA DE VILA, FORNELOS, SALVATERRA DE MIÑO.- REDE DE BAIXA TENSIÓN AÉREA DE 472 METROS DE LONXITUDE CON CONDUCTOR RZ.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 20 de setembro de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2011009248**

---

*Resolución do 6 de setembro de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de SALCEDA DE CASELAS. (Nº EXPTE: IN407A 2011/261-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: ELECTRA ALTO MIÑO SA.
- Enderezo Social: POLÍGONO IND. CHAN DA PONTE-PARCELA 19, 36450 SALVATERRA DE MIÑO.
- Denominación: LMTS DE CT EDF. PARQUE AO CT ARAGONTA.
- Situación: SALCEDA DE CASELAS.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR RHZ1 DE 185 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN EDF. PARQUE E FINAL NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN ARAGONTA. A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA EN SALCEDA DE CASELAS.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 6 de setembro de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2011009246**

---

*Resolución do 6 de setembro de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de SALCEDA DE CASELAS. (Nº EXPTE: IN407A 2011/262-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: ELECTRA ALTO MIÑO SA.
- Enderezo Social: POLÍGONO IND. CHAN DA PONTE-PARCELA 19, 36450 SALVATERRA DE MIÑO.
- Denominación: LMTS DO CT EDF. VERGEL AO CT AUDITORIO.
- Situación: SALCEDA DE CASELAS.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR RHZ1 DE 295 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN EDF. VERGEL E FINAL NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN AUDITORIO. A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA EN SALCEDA DE CASELAS.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 6 de setembro de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2011009247**

---

*Resolución do 6 de xuño de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de TUI. (Nº EXPTE: IN407A 2011/142-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: CONCELLO TUI.
- Enderezo Social: PRAZA DO CONCELLO, Nº 1, 36700 TUI.
- Denominación: LMT DE ACOMETIDA AO CT POZO 3 DE SANEAMENTO DO RÍO FURNIA.
- Situación: TUI.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR RHZ1 DE 1.184 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO CENTRO DE DISTRIBUCIÓN DA SOCIEDAD ELECTRICISTA DE TUI SA E FINAL NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DO POZO 3 DE SANEAMENTO DO RÍO FURNIA EN PALLÁNS, PEXEGUEIRO, CONCELLO DE TUI.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 6 de xuño de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2011009208**

---

*Resolución do 29 de agosto de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de MONDARIZ. (Nº EXPTE: IN407A 2011/249-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: CENTRAL ELÉCTRICA SESTELO & CÍA SA.
- Enderezo Social: RÚA DOCTOR FERNÁNDEZ VEGA 14-PONTEAREAS, 36000 PONTEAREAS.

- Denominación: LMTA CERNADELA.
- Situación: MONDARIZ.
- Descricións Técnicas: LMT AÉREA (DERIVACIÓN CERNADELA) A 20 KV CON CONDUCTOR LA-78, CON ORIXE NA LIÑA PRINCIPAL Nº 3 , APOIO Nº 4ES1183, E UNHA LONXITUDE DE 1.056 METROS. A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA EN CERNADELA, MONDARIZ.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 29 de agosto de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2011008984

*Resolución do 29 de agosto de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de FORCAREI. (Nº EXPTE: IN407A 2011/251-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA SL.
- Enderezo Social: AVDA DO PARQUE 11 APDO 6, 36540 SILLEDA.
- Denominación: AUTOMATIZACIÓN CD ACIVEIRO-FORCAREI.
- Situación: FORCAREI.
- Descricións Técnicas: REFORMA DO CENTRO DE DISTRIBUCIÓN SITUADO EN ACIVEIRO, CONCELLO DE FORCAREI, CONSISTENTE NA SUSTITUCIÓN DE CELA DE INTERRUPTOR AUTOMÁTICO POR CELA DE LIÑA (IM) DA LMTS PRINCIPAL ACIVEIRO, INSTALACIÓN DE ARMARIO DE PLANTA (PROTECCIÓN+CONTROL), ARMARIO DE TELECONTROL PARA UN TOTAL DE 2 POSICIÓN (1P+1L) E SISTEMA DE ALIMENTACIÓN ININTERRUPIDA.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 29 de agosto de 2011.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2011009005

*Resolución do 16 de agosto de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de LALÍN. (Nº EXPTE: IN407A 2011/181-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: GANADERÍA LORENZO VILAMEA SC.
- Enderezo Social: FROXÁN Nº 16, 36000 LALÍN.
- Denominación: LMT ACOMETIDA AO CT DA GRANXA DE GANDERÍA LORENZO VILAMEÁ.



- Situación: LALÍN.
- Descricións Técnicas: LMT A 20 KV DE DE 2.015 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NA LMT LAL811 (RODEIRO) E FINAL NO CT QUE DARÁ SUBMINISTRO A UNHA GRANXA SITUADA EN FROXÁN (CASTRO DE CABRAS-SAN PEDRO), LALÍN. A LIÑA ESTÁ ESTRUCTURADA EN TRES TRAMOS, O PRIMEIRO AÉREO DE 941 METROS, O SEGUNDO SUBTERRÁNEO DE 330 METROS E O TERCEIRO AÉREO DE 744 METROS.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 16 de agosto de 2011.—O xefe territorial, P.A. o xefe do servizo de Administración Industrial (art. 39.3 do Decreto 324/2009, do 11 de xuño), Eugenio Fernández Piñeiro. **2011008921**

---

*Resolución do 17 de agosto de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de COVELO. (Nº EXPTE: IN407A 2011/226-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: SESTELO CENTRAL ELÉCTRICA.
- Enderezo Social: DOCTOR FERNÁNDEZ VEGA 14, 36000 PONTEAREAS.
- Denominación: LMT, CT, RBT PEDREDO.
- Situación: COVELO.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR HERSATENE DHZ1 DE 45 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE E FINAL NA LMT DERIVACIÓN A MACEIRA DE ARRIBA UNHA VEZ ENTRE E SAIA DO CT PROXECTADO.
- CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE 250 KVA, R.T. 20 KV/230-400 V, SITUADO EN PEDREDO, MACEIRA, COVELO. RBT AÉREA DE 1.822 METROS CON CONDUCTOR RZ.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 17 de agosto de 2011.—O xefe territorial, P.A. o xefe do servizo de Administración Industrial (art. 39.3 do Decreto 324/2009, do 11 de xuño), Eugenio Fernández Piñeiro. **2011008662**

---

*Resolución do 17 de agosto de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de PONTEAREAS. (Nº EXPTE: IN407A 2011/225-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: SESTELO CENTRAL ELÉCTRICA.
- Enderezo Social: DOCTOR FERNÁNDEZ VEGA 14, 36000 PONTEAREAS.
- Denominación: LMT CABAILEIRO-PORTOBARREIRO.

- Situación: PONTEAREAS.
- Descricións Técnicas: ENLACE DOS CENTROS DE TRANSFORMACIÓN EXISTENTES CABALEIRO E PORTOBARREIRO MEDIANTE UNHA LMT A 20 KV CON UN TRAMO AÉREO DE 585 METROS CON CONDUCTOR LA-110 E OUTRO SUBTERRÁNEO DE 723 METROS CON CONDUCTOR HERSATENE DHZ1. A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA EN PONTEAREAS.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 17 de agosto de 2011.—O xefe territorial, P.A. o xefe do servizo de Administración Industrial (art. 39.3 do Decreto 324/2009, do 11 de xuño), Eugenio Fernández Piñeiro. **2011008661**

---

*Resolución do 17 de agosto de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de PONTEAREAS. (Nº EXPTE: IN407A 2011/221-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: CENTRAL ELÉCTRICA SESTELO Y CÍA S.A..
- Enderezo Social: R/ DOCTOR FERNÁNDEZ VEGA 14, 36860 PONTEAREAS.
- Denominación: LMT, CT NOVOA.
- Situación: PONTEAREAS.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR HERSATENE DHZ1 DE 172 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO CT EXISTENTE DANIEL OJEA E FINAL NO CT PROXECTADO NOVOA.- CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE 1.260 KVA (DOUS TRAFOS DE 630 KVA C/U), R.T. 20 KV/230-400 V, SITUADO NA RÚA AMADO GARRA, PONTEAREAS.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 16 de agosto de 2011.—O xefe territorial, P.A. o xefe do servizo de Administración Industrial (art. 39.3 do Decreto 324/2009, do 11 de xuño), Eugenio Fernández Piñeiro. **2011008658**

---

*Resolución do 10 de agosto de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de PONTEAREAS. (Nº EXPTE: IN407A 2011/179-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: SESTELO CENTRAL ELÉCTRICA.
- Enderezo Social: DOCTOR FERNÁNDEZ VEGA 14, 36000 PONTEAREAS.
- Denominación: LMT, CTC DECON.

- Situación: PONTEAREAS.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR HERSATENE DHZ1 DE 140 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NUN APOIO DA LMTA DE DERIVACIÓN PONTE DAS PARTIDAS E CON ENTRADA E SAÍDA NO CT PROXECTADO DECON.-CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE 250 KVA, R.T. 20 KV/230-400 V, SITUADO EN URCELA DE ABAIXO, MOREIRA, PONTEAREAS.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 10 de agosto de 2011.—O xefe territorial, P.A. o xefe do servizo de Administración Industrial (art. 39.3 do Decreto 324/2009, do 11 de xuño), Eugenio Fernández Piñeiro. **2011008570**

*Resolución do 15 de setembro de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen no concello de SALVATERRA DE MIÑO (Nº expte: IN407A 2011/137-4).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se describen:

- Solicitante: ELECTRA ALTO MIÑO SA.
- Enderezo Social: POLÍGONO IND. CHAN DA PONTE-PARCELA 19, 36450 SALVATERRA DE MIÑO.
- Denominación: REFORMA LMT XERAL SALVATERRA-ALXEN (1ª FASE).
- Situación: SALVATERRA DE MIÑO.
- Descricións Técnicas: LMT AÉREA A 20 KV CON CONDUCTOR LA-110 DE 1.194 METROS DE LONXITUDE, DESDE A LMT XERAL SALVATERRA-PONTEAREAS (CT EXISTENTE DE CASAL B) ATA O APOIO Nº 10 DA LMT A REFORMAR. A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA EN FERREIROS, SAN LORENZO, SALVATERRA DE MIÑO.

Liña A): Subvencionaranse as accións dirixidas á realización de actuacións puntuais ou anuais no eido dos servizos sociais, dirixidas aos colectivos de infancia, persoas maiores, persoas con discapacidade, e a colectivos con dificultades de inserción social, que se desenvolverán no concello de Pontevedra e/ou para pontevedreses/as.

Nesta liña poderanse incluír gastos de persoal e aluguer derivados da realización da acción subvencionábeis, así como a compra de bens non inventariábeis, aluguer de locais, desprazamentos, gastos de publicidade e promoción das actuacións.

Liña C): Subvencionaranse as actividades dirixidas ao intercambio solidario, de carácter formativo ou asistencial, encamiñadas á cooperación social.

Nesta liña poderanse incluír a compra de bens non inventariábeis, aluguer de locais, desprazamentos, gastos de publicidade e promoción das actuacións.

### **5. CARACTERÍSTICAS DAS LIÑAS DE SUBVENCIÓN**

Liña A): Subvencionaranse os servizos e recursos necesarios para a realización das accións dirixidas á realización de actuacións puntuais ou anuais no eido dos servizos sociais, dirixidas aos colectivos de infancia, persoas maiores, persoas con discapacidade, e a colectivos con dificultades de inserción social.

Os fins desta liña son os de complementar o financiamento dos servizos, recursos e proxectos de actividades de servizos sociais, desenvolvidas no municipio de Pontevedra. Os ámbitos subvencionábeis son os do atención asistencial, de carácter formativo-informativo, de prevención, de promoción e cooperación do voluntariado social, de inclusión socio-laboral, programas/actividades de ocupación do tempo de lecer e programas de promoción da interculturalidade.

Liña C): Subvencionaranse as actividades dirixidas ao intercambio solidario, de carácter formativo ou asistencial, encamiñadas ao desenvolvemento e cooperación social.

Os fins desta liña son os de complementar o financiamento de actividades de captación do voluntariado social, carácter formativo-informativo do voluntariado social, de intercambio intercultural, dirixido á poboación en xeral residentes no concello de Pontevedra.

#### 6.—LÍMITE DAS SUBVENCIONS E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS

A contía da subvención estará en función do custo dos programas e plan de financiamento con que conte para cubrir parcialmente a actividade. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o/a beneficiario/a.

A porcentaxe subvencionable polo Concello non poderá exceder, con carácter xeral, do 50% do custo da actividade a que se aplique, excepto que, de xeito motivado, se xustifique que se trata de accións e actividades de especial interese público e/ou social, a criterio de Comisión Cualificadora. Con carácter especial as actuacións que supoñan o mantemento dalgún recurso específico ou especializado de servizos sociais por parte de entidades de iniciativa social, non cuberto polas administración públicas, serán subvencionables no 100% do custo da actividade.

A subvención aprobada poderá ser revisada unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva supoña o resultado deficitario da liquidación final de gastos - ingresos.

#### 7.—APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para o financiamento destas subvencións destínase os créditos que se detallan a continuación:

7.1.—Liña A) Para as accións dirixidas á realización de actuacións puntuais ou anuais no eido dos servizos sociais, dirixidas aos colectivos de infancia, persoas maiores, persoas con discapacidade e a colectivos con dificultades de inserción social, destinarase un importe máximo de 40.000 €, que se imputarán á partida 12.2311.48095 do orzamento municipal do ano 2011.

7.2.—Liña C) Subvencionaranse as actividades dirixidas á cooperación social : intercambio solidario e/ou accións de carácter formativo ou asistencial; destinarase un importe máximo de 6.010,12 €, que se imputarán á partida 12.2310.48090 do orzamento municipal do ano 2011.

#### 8.—SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR

Os/as interesados/as en obter subvencións do Concello de Pontevedra deberán solicitalo mediante a presentación da documentación xenérica e a documentación específica (nun só expediente) segundo se sinala a continuación:

A) Documentación xenérica:

- Instancia para cada unha das actividades, asinada polo petionario ou, no caso de persoas xurídicas, polo representante legal debidamente acreditada a representación.
- Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF), da asociación ou entidade.
- Certificado da entidade bancaria da conta á que se poderá transferir o importe da subvención a nome do solicitante da subvención (20 díxitos).

- d) Certificado do secretario/a da asociación ou entidade, no que consten as subvencións e axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía e comprometéndose a comunicarlle ao Concello de Pontevedra a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados, para a mesma finalidade.
- e) Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello de Pontevedra.
- f) Declaración responsable de non ser debedor coas Facendas públicas estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social.
- g) Certificación da Tesourería municipal de atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda municipal.
- h) Certificación de estar inscrita no Rexistro municipal de asociacións.
- i) Declaración responsábel de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.

O Xefe/a de Servizo de Benestar Social do Concello de Pontevedra xestionará de oficio o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración local, así como de estar inscritos no Rexistro municipal de asociacións (documentos “g” e “h”).

B) Documentación específica:

Para a liña A) as accións dirixidas á realización de actuacións puntuais ou anuais no eido dos servizos sociais, dirixidas aos colectivos de infancia, persoas maiores, persoas con discapacidade e a colectivos con dificultades de inserción social:

1. Proxecto explicativo das accións que se pretende realizar, con especificación, entre outros, dos obxectivos, estimación de beneficiarios, datas e lugar de celebración, recursos humanos (especificando se é persoal contratado e titulación, ou se é persoal voluntario) e responsábel do desenvolvemento da acción; segundo as instrucións do Anexo I.
2. Balance de gastos e ingresos da actividade para a que se solicita subvención, detallando cada un dos conceptos dos gastos e ingresos.
3. No suposto de ter subvencionado o gasto correspondente ao persoal terase que xustificar de xeito individualizado por cada un dos traballadores/as, os gastos de nóminas e seguridade social.

Para a liña C) subvencionaranse as actividades dirixidas á cooperación social:

1. Proxecto explicativo das accións que se pretende realizar, con especificación, entre outros, dos obxectivos, número e características da poboación á que vai dirixida (tramos de idade), datas e lugar de celebración, recursos humanos e responsábel do desenvolvemento da acción e, no seu caso, cadro de profesorado, monitores, etc., con indicación da titulación.
2. Balance de gastos e ingresos da actividade para a que se solicita subvención, detallando cada un dos conceptos dos gastos e ingresos.

9.—PRESENTACIÓN E PRAZOS

A instancia, coa correspondente documentación, solicitando a subvención presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello, ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As deficiencias no expediente de solicitude e as omisións nos documentos preceptivos deberán emendarse previo requirimento, no prazo de 10 días dende a data da notificación, na que se indicará que se non se fixera terase por desistido da súa petición.



**10.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES**

As subvencións teñen carácter voluntario e, polo tanto, non existe obriga de conceder axudas a todas as solicitudes que se presenten e cumpran os requisitos das bases da convocatoria.

Estabelécense tres criterios para a avaliación dos expedientes:

**CRITERIOS DE BAREMO:****10.1.—) CRITERIOS XERAIS PARA TODAS AS SOLICITUDES:**

- a) Interese xeral da actividade no ámbito municipal:
  - 1. Mantemento de recursos específicos necesarios para complementar as intervencións dos servizos sociais de atención primaria: 3 puntos.
  - 2. Accións non desenvolvidas polo Concello ou outras Administracións do eido dos servizos sociais: 2 puntos.
  - 3. Accións complementarias ás desenvolvidas polo Concello: 1 punto.
- b) Lugar de realización da actividade:
  - 1. Accións desenvolvidas no rural: 3 puntos.
  - 2. Accións desenvolvidas nas aforas do núcleo urbano: 2 puntos.
  - 3. Accións desenvolvidas no núcleo urbano: 1 punto.
- c) Que as accións obxecto da subvención inclúan na súa realización a participación de voluntarios e voluntarias sociais: 3 puntos.
- d) Criterios e método de avaliación que seguirán, durante e despois, a acción obxecto da subvención e contemplen a aplicación de ítems de avaliación: 1 punto.
- e) Desenvolvemento de programas innovadores: 3 puntos.
- f) Que as accións obxecto da subvención teñan prolongación no tempo:
  - 1. Que a acción teña a duración dun ano ou máis: 3 puntos.
  - 2. Que a acción teña unha duración de máis de seis meses e menos de 12 meses: 2 puntos.
  - 3. Que a acción teña unha duración inferior a 6 meses : 1 punto.
- g) Recursos humanos aplicados á acción:
  - 1. Persoal contratado con titulación e currículo que responda ás accións obxecto de subvención: 3 puntos.
  - 2. Persoal voluntario con titulación e currículo que responda ás accións: 1 punto.
- h) Medidas de acción positiva.
  - 1.—Que a entidade fomente a participación dos seus traballadores en cursos de formación de linguaxe de signos. 2 puntos
  - 2.—Que o número de traballadores con discapacidade da entidade sexa igual o superior ao 2 %. 2 puntos
  - 3.—Que a entidade contratara nos últimos dous anos algunha persoa derivada do equipo municipal de inclusión social. 2 puntos
- i) Avaliación doutros contidos, realizada pola comisión cualificadora, ata un máximo de 10 puntos.

**10.2.—) CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O BAREMO DAS SOLICITUDES CORRESPONDENTES Á LIÑA A):**

- a) Tipoloxía das accións:
  - 1. Accións de carácter terapéutico: 3 puntos.
  - 2. Accións de carácter de promoción e reinserción: 2 puntos.
  - 3. Accións de carácter preventivo : 1 puntos.

b) Accións encamiñadas á inserción de colectivos de especial dificultade:

1. Que a acción responda aos obxectivos do Plan de Inclusión Social do Concello de Pontevedra: 3 puntos.
2. Que as accións obxecto da subvención respondan ás prestacións básicas de servizos sociais contidas no Plan concertado: 3 puntos.

*10.3.—) CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O BAREMO DAS SOLICITUDES CORRESPONDENTES Á LIÑA C):*

a) Tipoloxía das accións:

1. Accións de captación do voluntariado: 3 puntos
2. Acción de carácter formativo - informativo: 2 puntos
3. Accións de intercambio: 1 punto

b) Que as accións obxecto da subvención supoñan un complemento á acción desenvolvidas dentro do marco do Fondo de Cooperación: 3 puntos

#### *CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN*

A orde de priorización na concesión das subvencións será de maior a menor, comezando a concesión por aquelas solicitudes que acaden maior puntuación na aplicación do baremo, ata esgotar o orzamento total previsto.

#### *CRITERIOS DE REPARTO DAS SUBVENCÍONS*

A contía da subvención a conceder a cada unha das solicitudes será a criterio da comisión cualificadora, que terá en conta a puntuación acadada por cada unha delas, así como o establecido no punto 6 das presentes bases.

#### *11.—INSTRUCCIÓN E AVALIACIÓN DOS EXPEDIENTES*

1.—A instrución do expediente de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe/a do Servizo de Benestar Social, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2.—As actividades de instrución comprenderán:

- a) A petición de cantos informes estime necesarios, que serán emitidos no prazos regulamentarios, para resolver ou sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións.
- b) A avaliación técnica das solicitudes ou peticións, segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas presentes bases.
- c) Unha vez avaliadas as solicitudes, deberá emitirse o informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

3.—O órgano instrutor, á vista do expediente e da proposta da Comisión Cualificadora, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse por escrito, a tódolos interesados, concedendo un prazo de 10 días para presentar as alegacións.

4.—Examinadas as alegacións (no caso de presentárense por parte das interesadas), o instrutor formulará unha proposta de resolución definitiva que deberá reflectir a relación de solicitantes para as que se propón a concesión de subvención e a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala, debendo constar que da información levada a cabo despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos precisos para acceder ás mesmas. Así mesmo o informe deberá contar de xeito expreso e motivado, a desestimación das solicitudes.

5.—As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereitos a favor da beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se realice a notificación da resolución definitiva da concesión.

**12. – COMISIÓN CUALIFICADORA**

A comisión cualificadora será a encargada de analizar o informe técnico de avaliación do conxunto de solicitudes presentadas en cada programa, e propondrá a concesión ou denegación de axudas económicas.

A comisión cualificadora estará presidida polo Alcalde - Presidente ou concelleiro/a delegado/a e composta, ademais, polos seguintes membros:

- Un vogal por cada grupo político representado no Pleno do Concello
- O xefe/a de Servizo de Benestar social, actuando de secretario/a, con voz pero sen voto.

**13. – RESOLUCIÓN**

Unha vez que se realicen todos os trámites relacionados con cada solicitude, a Comisión Cualificadora elaborará unha proposta que, logo da emisión do informe da Intervención, será resolta polo órgano competente no procedemento, concedendo ou denegando a subvención.

Na resolución, no caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención, forma de pagamento, programa afectado e condicións nas que se outorga.

De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada. A resolución pon fin á vía administrativa.

**14. – ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS**

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se, dentro do prazo dun mes seguinte á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

As beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas expresa ou tacitamente, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo Concello de Pontevedra, cos medios que este estime oportunos. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións, entidades ou persoas físicas poden dar lugar á modificación da resolución de outorgamento.

**15. – PUBLICIDADE DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA**

As asociacións e/ou entidades beneficiarias das subvencións da presente convocatoria quedan comprometidas a establecer, de forma clara, nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, webs, fotografías e demais material gráfico ou sonoro que publiquen con motivo do programa ou actividade subvencionada, mención expresa do patrocinio da Área de Benestar Social do Concello de Pontevedra.

Terá que incluírse o escudo do Concello de Pontevedra, sendo do mesmo tamaño, como mínimo, ao doutros posíbeis patrocinadores, cando a achega económica destes non sexa superior á da subvención concedida pola institución municipal.

A entidade ou asociación beneficiaria da subvención comprométese a facer chegar a información necesaria (carteis, trípticos, notas de prensa,...) en forma e prazo axeitado á Área de Benestar Social do Concello de Pontevedra, antes do desenvolvemento da actividade, para poder informar sobre cada un dos proxectos subvencionados.

As entidades e asociacións beneficiarias terán que contar cun seguro de responsabilidade civil sobre a actividade e/ou sobre o proxecto subvencionado para previr calquera circunstancia.

**16. – SUBCONTRATACIÓN**

Enténdese que existe subcontratación cando a beneficiaria concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

A porcentaxe máxima permitida para a subcontratación poderá ser de ata o 75% do importe total da actividade subvencionada.

**17.—PRAZO E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS**

Para poder percibir as subvencións concedidas de acordo coas prescricións destas bases, os beneficiarios presentarán a documentación xustificativa no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo de quince (15) días, contados a partir da recepción da notificación do outorgamento da subvención

En calquera dos casos as actividades subvencionábeis deberan estar realizadas durante a anualidade 2011 e presentada a corresponde xustificación dentro do prazo establecido.

A documentación xustificativa será a seguinte:

- a) Instancia subscrita polo/a presidente/a da entidade, asociación dirixida ao Ilmo. Alcalde - Presidente do Concello de Pontevedra, na que se solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude. Deberase acreditar a representación do asinante da instancia
- b) Presentación da xustificación, que comprenderá:
  - Memoria técnica detallada que inclúa unha declaración, ampla e sistemática, das actividades realizadas e financiadas coa subvención.
  - Memoria económica, indicando:
    - O custo económico proxectado e o custo real final.
    - Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionábel).
    - Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) onde se debe acreditar o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
    - Presentación de facturas orixinais (xunto cadansúa fotocopia incorporada na memoria económica) ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral (os TC, cartas de pago, etc.).
    - Declaración xurada asinada polo/a presidente/a da entidade ou asociación, que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes, foron aplicadas á actividade subvencionada.
    - Certificacións das Facendas Públicas estatal e autonómica de estar ao corrente das súas obrigas fiscais, así como coa Seguridade Social.
- Obrígaselles tamén ás entidades/asociacións beneficiarias á presentación, na memoria, dos orixinais de todo o material publicitario impreso que se fixese para promover o proxecto/actividade.
- c) Declaración xurada asinada polo/a presidente/a da entidade ou asociación, das axudas ou subvencións percibidas para o mesmo fin.

**18.—REQUISITOS DAS FACTURAS**

As facturas que se acheguen (que nunca poderán ser emitidas polas entidades beneficiarias) como xustificantes da subvención deberán cumprir, entre outros, os requisitos seguintes:

- a) Os establecidos para a súa expedición no RD 1496/03:
  - Nome ou razón social da empresa que factura (co DNI ou NIF).
  - Data de emisión da factura (dentro do período subvencionábel), e correspondente a actividades desenvolvidas nese período.
  - No concepto da factura terán que aparecer todos os artigos desagregados e descritos minuciosamente e só deben de aparecer artigos vinculados coa actividade subvencionada.
  - Importe total da factura e debe aparecer o IVE de forma diferenciada, base imponible, tipo de IVE aplicábel e importe total máis o IVE correspondente.
  - En todas se debe achegar xustificante de carga bancario ou informe inequívoco de que a factura presentada foi pagada (palabra específica “pagado”).

- Conter o selo da casa subministradora e/ou a sinatura.
  - Axustarse ao orzamento presentado ao formular a solicitude.
- b) Deberá achegar o orixinal e mais unha copia de cada un dos documentos que se presenten para estampar a primeira, que será devolvida, e compulsar a segunda.
- O estampado consistirá na impresión sobre o documento orixinal da expresión "A presente factura foi presentada como xustificación das subvencións da Área de Benestar Social do Concello de Pontevedra, correspondente ao ano 2011". O devandito trámite, previo á presentación da documentación xustificativa da subvención no Rexistro Xeral do Concello (tal como se sinala no punto 17 das presentes bases), realizarase nas dependencias municipais da Xefatura de Servizo de Benestar Social.
- c) No suposto de que a subvención teña como destino o pagamento a persoas físicas que prestan servizos retribuídos, o pagamento de premios ou o pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagos a persoal retribuído coa súa pertinente retención xustificárase a través da nómina correspondente, acompañada dos TC.

#### **19.—REINTEGRO DE SUBVENCIONES**

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade de carácter prepagábel ou ausencia e xustificación das mesmas nos termos contemplados na Ordenanza reguladora das bases xerais e nas presentes bases, o Concello de Pontevedra esixiralles ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co procedemento establecido na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra.

#### **20.—PROCEDIMIENTO SANCIONADOR**

O procedemento sancionador será o disposto no título II da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra.

#### **21.—INTERPRETACIÓN**

Calquera dúbida que puidese xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta pola Comisión Informativa de Benestar Social.

#### **22.—RECURSOS**

Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 116-1 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme o disposto nos art. 8-1 e 46-1 da Lei 29/98, do 3 de xuño da xurisdición contencioso - administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o art. 117-2 da citada Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, na que se entende desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no art. 43-2 da Lei 30/92, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer un recurso contencioso -administrativo dentro do prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ao que se debe entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de conformidade co establecido no art. 46-1 e 4 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os/as interesados/as estimen procedentes de acordo co dereito.



**ANEXO I****DOCUMENTO DE FORMULACIÓN DO PROXECTO**

**1.DENOMINACIÓN DO PROXECTO:** nome, ámbito ou sector no que se encadra.

**2.INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES.**

**3.XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.**

**4.FINALIDADE DO PROXECTO**

**5. OBXECTIVOS DO PROXECTO:** Obxectivos xerais e obxectivos operativos e indicadores.

## 6. DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES que comprende o proxecto.

**7. PLAN DE EXECUCIÓN :** das accións-actividades e cronograma : datas e lugar de celebración, e tempo de execución (facendo referencia se as accións se desenvolven no rural ou no núcleo urbano).

[illegible]

**8. POBOACIÓN DIANA:** perfil das persoas beneficiarias, idade, sexo e estimación de número de beneficiarios.

## 9. RECURSOS NECESARIOS:

**9.1.RECURSOS HUMANOS:** especificando o numero, se é persoal contratado e titulación, ou se é persoal voluntario, así como o responsábel do desenvolvemento da acción

POSTO DE TRABALLO	TITULACIÓN	VINCULACIÓN	
		CONTRATADO	VOLUNTARIO
Responsábel			

**9.2.RECURSOS FINANCIEROS E DESGLOSE DO GASTO:** balance de gastos e ingresos da actividade para a que se solicita subvención, detallando cada un dos conceptos dos gastos e ingresos, e no suposto de ter subvención, especificar contía e procedencia.

## a) GASTOS

CONCEPTO	CUSTO TOTAL
1º Salarios + Seguridade Social do Persoal	
2º Aluguer de locais	
3º compra bens non inventariábeis	
4º Gastos de desprazamentos	
5º Gastos de publicidade	
6º Gastos de promoción das actividades	0
7º Gastos de formación	
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>0</b>

## b) INGRESOS

PROCEDENCIA	CONTÍA
Da propia Entidade/asociación	
Xunta	
Deputación	
Achegas das persoas usuarias ou socias	
Outras fontes de financiamento: (especificar ):	
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>0</b>

<b>TOTAL CUSTO</b>	<b>0</b>
<b>DEFICIT</b>	<b>0</b>
<b>SUBVENCIÓN SOLICITADA AO CONCELLO</b>	

**9.3.RECURSOS MATERIAIS:** especificar os outros recursos materiais cos que conta a entidade/asociación para a execución do proxecto.

RECURSO	APLICACIÓN AO PROXECTO

Pontevedra, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2011

A/O TÉCNICA/O RESPONSABLE

Vº e praxe A/O PRESIDENTE/RESPONSABLE DA ENTIDADE

Asdo: \_\_\_\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_

Pontevedra, a 28 de xullo de 2011.— A Concelleira Delegada do Servizo de Benestar Social Municipal,  
Carme Fouces Díaz.

2011009754

**NOTIFICACIÓN A DON LUIS CLAUDIO MIGUEL PEREIRA DA RESOLUCIÓN DA TENENCIA DE ALCALDÍA DE DATA 28/06/11 POLA QUE SE DISPÓN AO ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE LICENZAS DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E DE APERTURA DE LOCAL CON DESTINO A ACADEMIA DE BAILE NO BAIXO DO INMOBLE SITO NA RÚA LARANXO, Nº 18, NA CIDADE DE PONTEVEDRA. (EXPEDIENTE Nº 7946/98).**

Intentada a notificación da resolución da Tenencia de Alcaldía de data 28/06/11 a don Luis Claudio Miguel Pereira, e ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procédese a notificar mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello no seu último domicilio o texto íntegro do devandito acto administrativo:

“Examinado o expediente incoado en data 7/04/98 a instancia de D. Juan José Barreiro Castro, NIF 35.322.575-A, en solicitude de licenzas de obras de acondicionamento e de apertura de local con destino a academia de baile no baixo do inmovible sito na rúa Laranco, nº 18, en Pontevedra,

**RESULTAN ACREDITADOS OS SEGUINTE FEITOS:**

*Primeiro.*— Mediante acordo da Comisión de Goberno adoptado en sesión celebrada en data 02/01/01 denegábaselle a D. Juan José Barreiro Castro, NIF 35.322.575-A, a licenza de apertura do local con destino a academia de baile no baixo do inmovible sito na rúa Laranco, nº 18, fundamentándose o devandito acto administrativo no incumprimento das condicións impostas na licenza de obra e instalación concedida pola Comisión de Goberno en sesión celebrada en data 7/6/99, toda vez que no

recoñecemento efectuado pola Oficina Técnica de Disciplina Urbanística comprobouse a falla de instalación de limitador precintado ao equipo de música para 70 dB(A) tal e como esixía a Delegación Provincial da Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia no seu informe de data 22/04/99, tendo en conta que a licenza de apertura é un acto de natureza regrada polo que se verifica a adecuación do local á licenza de instalación e a súa aptitude para o correcto exercicio da actividade pretendida, constatando as condicións de tranquilidade e seguridade.

*Segundo.*—Constan no expediente xustificantes do pago das liquidacións das taxas por tramitación de licenza urbanística e de apertura en contías de 152,62 € e 75,76 €. Orzamento segundo o proxecto: 15.262,48 euros.

*Terceiro.*—Constátase a existencia no expediente dunha serie de actuacións posteriores consistentes nun oficio da Tenencia de Alcaldía polo que se lle concedía ao interesado audiencia no expediente e un escrito deste no que cedía os dereitos naquel a favor de don Luis Claudio Miguel Pereira.

*Cuarto.*—De acordo cos datos obrantes nos ficheiros e nos arquivos existentes no SUMAPH, constátase a existencia do expediente nº 22784/08, incoado en data 26/06/08 a instancia da entidade “PXA BODYART, CB”, en solicitude de licenzas de obras de acondicionamento e de apertura de local con destino a venda de roupa e gabinete de tatuaxe e piercing nese mesmo emprazamento.

#### CONSIDÉRANSE DE APLICACIÓN OS SEGUINTE FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

*Primeiro.*—No presente suposto constátase que o procedemento de solicitude de licenza foi resolto expresamente mediante o acordo da Comisión de Goberno de data 2/01/01 de denegación da licenza de apertura de local para academia de baile na rúa Laranxo, nº 18-baixo, acordo que é firme posto que non foi obxecto de recurso ningún de modo que as actuacións desenvolvidas con posterioridade baixo o mesmo número de expediente non producen na practica efecto ningún sobre a súa continuación resultando procedente de acordo, tanto coa normativa reguladora da terminación do procedemento contida na Lei 30/92 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, como coa normativa sectorial aplicable, o arquivo do expediente, tendo en conta ademais a existencia dunha solicitude posterior de licenza de obras de acondicionamento e apertura de local con destino á venda de roupa e gabinete de tatuaxe e piercing nese mesmo establecemento público.

*Segundo.*—A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 e) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/03, do 16 de decembro, e artigo 21.1.G) do Regulamento Orgánico do Goberno e da administración do Concello de Pontevedra, competencia delegada no Tenente de Alcalde responsable da Área de Urbanismo por acordo da Xunta de Goberno Local de vinte e sete de xuño de dous mil once.

Xa que logo, esta Tenencia de Alcaldía, en exercicio da competencia delegada conferida pola Xunta de Goberno Local mediante acordo de data 27/06/11,

#### RESOLVE:

*Primeiro.*—Dispoñer o arquivo do expediente nº 7946/98, tramitado a instancia de don Juan José Barreiro Castro, NIF 35.322.575-A, en solicitude de licenzas de obras de acondicionamento e de apertura de local con destino a academia de baile no baixo do inmovible sito na rúa Laranxo, nº 18, en Pontevedra, de acordo aos feitos e fundamentos xurídicos expostos ao resultar improcedente a continuación do devandito procedemento no que xa consta resolución expresa e ademais figura instada nova solicitude de licenza de obras de acondicionamento e de apertura nese mesmo emprazamento para distinta actividade e a nome doutro suxeito titular.

*Segundo.*—Comunicar a presente resolución ao Servizo de Xestión Tributaria e Outros Ingresos de Dereito Público para os efectos oportunos.

*Terceiro.*—Dar conta da presente resolución a todos os interesados no expediente.



*Cuarto.*—Comunicar o presente acto administrativo ao Servizo de Disciplina Urbanística, Medio Ambiente e Policía Administrativa para o seu coñecemento e oportunos efectos.”

**RECURSOS PROCEDENTES CONTRA O PRESENTE ACTO ADMINISTRATIVO:**

Contra a precedente resolución, que esgota a vía administrativa, o interesado poderá interpoñer ben o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 116-1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, pola que se modifica a primeira, ou ben directamente o RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á da súa notificación, consonte ao disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Regulamentaria da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes segundo se establece no art. 117-2 da citada Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade có establecido no art. 43-2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de SEIS MESES contados desde o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no art. 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Regulamentaria da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

No entanto, o interesado tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime procedente consonte a dereito.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Pontevedra, a 22 de setembro de 2011.—O Tenente de Alcalde delegado da Área de Urbanismo,  
Antonio Louro Goyanes. **2011009425**

**NOTIFICACIÓN A DON ANTONIO BALCHADA CODESEDA DO REQUISITO DA TENENCIA DE ALCALDÍA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO DE DATA 01/04/09 RELATIVO Á COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA DE LOCAL CON DESTINO A BAR NO BAIXO DO INMOBLE SITO NA AVENIDA DE MONTERO RIOS-ESTRIBELA, S/N, NA PARROQUIA DE LOURIZAN, NO CONCELLO DE PONTEVEDRA. (EXPEDIENTE Nº 15880/05).**

Intentada a notificación do requisito da Tenencia de Alcaldía delegada da área de Urbanismo de data 01/04/09 a don Antonio Balchada Codeseda, e ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procédese a notificar mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello no seu último domicilio do texto íntegro do devandito acto administrativo:

“Visto o escrito presentado por Vde. no Rexistro Xeral deste Concello de Pontevedra en data 08/06/05, no que solicita o cambio de titularidade de licenza de apertura de local con destino a bar no baixo do inmovible sito na avda. de Montero Rios, s/n, en Estribela, no Concello de Pontevedra, e ao abeiro do disposto nos artigos 71 e 76 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requírolle para que nun prazo de dez días hábiles (contados dende o día seguinte ao da notificación do presente oficio), achegue a seguinte documentación:

- Escritura de propiedade ou contrato de aluguer do local.
- Plano de situación do local.

Advérteselle que transcorrido o devandito prazo sen dar cumprimento ao requirido terase por desistido/a da súa petición e resolverase en consecuencia procedendo ao seu arquivo, sen que a comunicación do cambio de titularidade se considere correctamente formalizada.”

Pontevedra, a 22 de setembro de 2011.—O Tenente de Alcalde delegado da Área de Urbanismo,  
Antonio Louro Goyanes. **2011009426**

**NOTIFICACIÓN A DONA MARÍA FERNANDA MODENA MEIJUEIRO DO OFICIO DA TENENCIA DE ALCALDÍA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO DE DATA 03/06/09 RELATIVO Á COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA DE LOCAL CON DESTINO A CAFETERÍA NO BAIXO DO INMOBLE SITO NA RÚA DE FERNÁNDEZ LADREDA, Nº 15, NA CIDADE DE PONTEVEDRA. (EXPEDIENTE Nº 16636/09).**

Intentada a notificación do oficio da Tenencia de Alcaldía delegada da área de Urbanismo de data 03/06/09 a dona María Fernanda Modena Meijueiro, e ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procédese a notificar mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello no seu último domicilio do texto íntegro do devandito acto administrativo:

“Vista a solicitude formulada por dona María Elena Varela Piñeiro de cambio de titularidade de licenza de apertura de local con destino a cefetería no baixo do inmovible situado na rúa de Fernández Ladreda, nº 15, deste termo municipal, comprobouse que a sinatura do suposto “antiga titular” daquela autorización reflectida no escrito presentado no rexistro xeral en data 20/04/09, con número 16636/09, no que comunicaba ao Concello a transmisión da licenza, non é coincidente coa plasmada no documento de identidade (do que obra fotocopia no expediente) e en consecuencia resulta preciso a ratificación da súa vontade de transmisión ao fin de resolver a dúbida xurdida.

Xa que logo ao abeiro do disposto nos artigos 71 e 76 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requíreselle para que nun prazo de 10 días hábiles, contados a partires do seguinte ao da notificación do presente oficio, compareza no Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico situado na rúa Churruchaos, nº 2, baixo, co fin de emendar a deficiencia advertida, concedéndoselle durante o prazo indicado audiencia e vista no expediente.

Advérteselle expresamente que transcorrido o devandito prazo sen dar cumprimento ao requirido terase por desistido/a da súa petición e resolverase en consecuencia procedendo ao seu arquivo, sen que a comunicación do cambio de titularidade se considere correctamente formalizada.”

Pontevedra, a 22 de setembro de 2011.—O Tenente de Alcalde delegado da Área de Urbanismo,  
Antonio Louro Goyanes. **2011009427**

**E D I C T O**

**EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES SUXEITOS Á TAXA POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON POSTOS NO RECINTO DE ROSALÍA DE CASTRO, ESTRIBELA E OUTROS RECINTOS DO PERÍODO IMPOSITIVO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2011.**

Lugar: Servizo de Inmobles (Campo do Boi núm. 4, esquina a Jofre de Tenorio núm. 5)

Horario: de luns a venres, de 9:00 a 13.30 horas

Prazo: Ata o 19 de decembro de 2011.

Exponse ao público ata o 19 de decembro de 2011 o Padrón de contribuíntes suxeitos a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído por ocupacións de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, pola ocupación da vía pública con postos no recinto de Rosalía de Castro, Estribela e outros recintos do período impositivo correspondente ao terceiro trimestre do exercicio 2011 aprobado, en data 04/10/2011 por Resolución da adxunta ao Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria.

Contra o precedente acto, que non pon fin á vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñerse:

- 1º) Ou ben, o recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que ditou o presente acto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da súa notificación ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.
- 2º) Ou ben, directamente reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no prazo dun mes, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

No primeiro caso, se deberá notificar a resolución no prazo dun mes, conforme co establecido no artigo 14.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, entendéndose desestimado de non resolverse en prazo, podendo entón os interesados interpoñer reclamación económica-administrativa no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da desestimación presunta, consonte ao establecido no artigo 235 da Lei xeral tributaria e 20 do Regulamento orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Pontevedra.

No segundo caso, se deberá notificar a resolución no prazo dun ano (seis meses no caso de ser procedemento abreviado), entendéndose desestimado de non resolverse en prazo, podendo o interesado presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da desestimación presunta, de conformidade ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **NOTA INFORMATIVA**

Normas de procedemento para o ingreso dos tributos municipais de cobro periódico por recibo do Excmo. Concello de Pontevedra:

1.—O Concello remitirá aos domicilios fiscais dos contribuíntes un aviso de pagamento co que se deberá efectualo ingreso en calquera das oficinas das entidades de depósito autorizadas para a prestación do servizo de colaboración na xestión recadadora municipal (a práctica totalidade das mesmas), ata a data límite de ingreso que se sinala naquel, no horario de caixa establecido por cada entidade para o pagamento dos recibos non domiciliados.

Unha vez efectuado o ingreso polo importe total que se ten que pagar, o exemplar para o interesado seralle devolto a este, o cal, debidamente dilixenciado, constituirá o xustificante de pago para tódolos efectos.

2.—A non recepción ou calquera outro erro nos datos consignados no documento cobratorio non exime da obriga de pagamento (art. 102 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria). Os contribuíntes que, trinta días antes do remate do período voluntario de ingreso, non recibisen ou extraviasen o xogo de impresos correspondente, disporán ata o último día do prazo citado para solicitar un duplicado nas dependencias municipais de recadación. Para a súa comodidade, acuda con antelación suficiente a solicitar o duplicado, evitando deste xeito a formación de colas e aglomeracións os derradeiros días do período voluntario.

3.—Os contribuíntes que domiciliasen o pagamento dos seus tributos cargarállese en conta o importe correspondente de acordo coas súas indicacións.

**PERÍODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN**

Por resolución da adxunta ao Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria de data 04 de outubro de 2011 sinálase o período voluntario de recadación e a data de cargo en conta dos recibos domiciliados en entidades de depósito dos tributos seguintes:

- I. PADRÓN DA TAXA POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON POSTOS NO RECINTO DE ROSALÍA DE CASTRO, ESTRIBELA E OUTROS RECINTOS CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE DO EJERCICIO 2011.
- II. PERÍODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN: DO 17 DE OUTUBRO DE 2011 AO 19 DE DECEMBRO DE 2011.
- III. DATA DE CARGO EN CONTA DOS RECIBOS DOMICILIADOS: 15 DE NOVIEMBRE DE 2011.

**FORMA DE PAGAMENTO**

En calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras na recadación municipal, empregando o instrumento de cobro enviado ao domicilio fiscal dos contribuíntes para tal fin:

- NOVACAIXAGALICIA, CAJA DE AHORROS Y PENSIONES DE BARCELONA “LA CAIXA”, BANCO SANTANDER, BANCO CAIXA XERAL, , BANCO PASTOR, BANCO DE GALICIA, BANCO SABADELL ATLANTICO, BANCO ESPIRITO SANTO, BARCLAYS BANK, CAJA DE AHORROS DE SALAMANCA Y SORIA “CAJA DUERO”, BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, CAIXA CATALUNYA, CAJA DE MADRID, BANCO GALLEGO, BANCO POPULAR ESPAÑOL, BANCO ETCHEVERRIA E CAJA DEL MEDITERRANEO.

**ADVERTENCIA**

Rematado o período voluntario de ingreso, os recibos non pagados esixíranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 da Lei xeral tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.(R.D. 939/2005,de 29 de xullo).

**DOMICILIACIÓN**

Aconsellámoslle que, para a súa comodidade, domicilie o pagamento dos seus tributos de algunha dos seguintes xeitos:

- a) na súa entidade financeira, se é algunha da xa mencionadas, no momento de pagar o recibo, e cubrindo a orde de domiciliación que se achega co impreso de pagamento.
- b) ou, cubrindo o modelo 800 do Concello de Pontevedra, de domiciliación bancaria e presentándoo no rexistro xeral daquel.

Pontevedra, a 4 de outubro de 2011.—A adxunta ao órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria, Aurora Santiago Boubeta.

**2011009795**

---

**A N U N C I O****EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA NA SESIÓN ORDINARIA QUE TIVO LUGAR O DÍA 03.10.2011.**

- 1.—Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de 26.09.2011.
- 2.—Aceptación da cesión gratuíta dunha parcela de terreo de 1.052 m2 situada no lugar de Sabarís, parroquia de Campañó, efectuada pola Comunidade de Montes en Man Común da Parroquia de Campañó.
- 3.—Aceptación da cesión gratuíta dunhas parcelas de terreo efectuadas pola entidade mercantil Manuel Dominguez Cendón Construcciones, S.L., Promociones UD 18, S.L., D. Clemente José Carrera Barreiro e D<sup>a</sup> Delia Abalo Méndez, con motivo da urbanización do treito da rúa Fernando II, entre Fernando III O Santo e a rúa das Abilleiras.

4.—Ampliación rede de auga potable en Matalobos-Salcedo. Requirimento de documentación.

5.—Rogos e preguntas. Non se presentaron.

#### **ASUNTOS URGENTES**

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluír na orde do día os seguintes asuntos para o seu coñecemento, debate e votación:

A) Inadmisión da revisión de oficio da modificación da licenza de obras de construción de edificio nas rúas de Fernando II e de Fernando III O Santo, promovidas por “PROMOCIONES UD 18, S.L.”

B) Expediente núm. 37994/10 tramitado a instancia de dona Ramona Area Rosales interesando corrección de erro material en acordo de concesión de licenza de obras de conservación e mantemento de uso de vivenda de edificio existente na avda. do Marqués de Valterra, núm. 83.

C) Toma de coñecemento de sentenzas e autos ditados polo Tribunal de Contas, polos Xulgados do Contencioso-administrativo Un e Tres de Pontevedra e polo Xulgado de Primeira Instancia Catro de Pontevedra:

- 1) Informe sobre o auto da sección de axuizamento do Tribunal de Contas acordando non haber lugar á incoación de procedemento de reintegro por alcance nº B-110/11, Administración do Estado (Ministerio de Cultura).
- 2) Informe sobre a sentenza de data 20.09.11 ditada no xuízo ordinario 1016/2010 do Xulgado de Primeira Instancia Catro de Pontevedra interposto pola Comunidade de montes veciñais en man común de Salcedo con motivo de acción declarativa de dominio de dúas parcelas no monte “Común de San Martín”.
- 3) Informe sobre o auto de data 13.09.11 ditado na peza xebrada de medidas cautelares 46/2011 do Xulgado do Contencioso-administrativo Un de Pontevedra interposto pola Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra contra desestimación de reclamación contra taxa de abastecemento de auga e sumidoiros do segundo bimestre de 2010.
- 4) Informe sobre a sentenza de data 08.09.11 ditada no procedemento ordinario 54/10 do Xulgado do Contencioso-administrativo Tres de Pontevedra interposto pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA), contra acordo que desestimou recurso de reposición interposto con motivo da recepción de residuos urbanos voluminosos.

Pontevedra, a 4 de outubro de 2011.—O Alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores.

**2011009835**

### **E D I C T O**

